

# REGULAMENTO DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS.-

## CAPÍTULO Iº

### *Disposicións xerais*

#### **Artigo 1º.-**

A base legal do presente regulamento está recollida no artigo 84 da Lei 7/85 do dous de abril e en cumprimento do mandado recollido polo artigo 156.2 da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

#### **Artigo 2.-**

Para os efectos do presente regulamento entenderase por residuos sólidos urbanos todo aquel material resultante dun proceso de transformación, utilización, consumo ou limpeza cando o seu posuidor ou produtor o destinar ao abandono e sempre que o seu volume, o peso ou as súas características o fagan susceptible de ser retirado polos servizos municipais.

#### **Artigo 3º.-**

Por recollida domiciliaria enténdese, para os efectos do presente regulamento, a recollida en comercios, domicilios habituais, centros de servizo, hotéis, hospitais e similares e centros industriais.

#### **Artigo 4º.-**

Considérase usuario do servizo a persoa física, xurídica ou a entidade que figura nos rexistros municipais como demandante do devandito servizo e a cuxo nome se estende o correspondente recibo.

## CAPÍTULO IIº

### *Das modalidades de prestación do servizo*

#### **Artigo 5º.-**

O servizo de recollida de residuos sólidos urbanos deste concello prestarase por xestión indirecta na forma de concesión administrativa.

## CAPÍTULO IIIº

### *Da obrigatoriedade do servizo*

#### **Artigo 6.-**

Co fin de garantir a salubridade cidadá considérase que a recollida de residuos sólidos urbanos é de carácter xeral e obrigatorio cando se trate de lixo, refugallo ou residuos sólidos producidos como consecuencia das seguintes actividades e situacións:

- a) domicilios particulares, incluídas escouras e cinza de sistemas calefactores.
- b) Comerciais e de servizos, incluídas as zonas de recreo.
- c) Sanitarias en hospitais, clínicas e similares.

Sempre que se lle esixa ao concesionario no oportuno prego de condicións, o servizo municipal incluírá igualmente:

- a) A recollida de animais mortos da vía pública.
- b) Móbeis e útiles.
- c) A retirada de cascotes de obras menores domiciliarias.

#### **Artigo 7.-**

O servizo municipal non comprenderá en ningún caso a retirada dos residuos producidos polas seguintes actividades:

- a) Industriais que non sexan asimilábeis a residuos sólidos urbanos.
- b) De construción non comprendida no apartado c) do parágrafo final do artigo 6º.
- c) Agrícolas e gandeiras.
- d) Os que deban ser depositados en vertedoiros especiais.
- e) Residuos hospitalarios bioperigosos.

### CAPÍTULO IVº

#### ***Procedemento e elementos de recollida***

#### **Artigo 8º.-**

O servizo de recollida domiciliaria terá unha periodicidade diaria, agás por causas de forza maior. Porén, non se realizará a recollida os domingos e os días festivos, isto último coa reserva do previsto no prego de condicións. Os residuos depositaranos os usuarios no horario que se determine por un bando da Alcaldía.

#### **Artigo 9º.-**

O Concello proverá de colectores abondo para a recollida dos residuos sólidos en función das necesidades de cada unha das vías públicas, zonas ou núcleos urbanos.

Os usuarios do servizo estarán obrigados a usar bolsas de plástico para depositaren o lixo no colectores. Fica prohibido o depósito directo de lixo ou residuos –agás papel- nos colectores, así como o depósito na vía pública.

#### **Artigo 10º.-**

Os residuos sólidos serán evacuados ao vertedoiro municipal polo concesionario, que usará para isto os vehículos necesarios. En todo caso procurarase que os devanditos vehículos estean hermeticamente pechados para impedir os maos olores e a perda de lixo.

O concesionario realizará no vertedoiro os labores que expresamente prevea o prego de condicións da concesión.

### CAPÍTULO Vº

#### ***Do servizo non obrigatorio***

#### **Artigo 11º.-**

Os servizos a que fai referencia o parágrafo 2º do artigo 6º prestaranse, no caso de se cumprir o requisito indicado no devandito parágrafo, por pedimento do interesado e na data que oportunamente se anuncie.

#### **Artigo 12.-**

Cando se tratar de refugallos ou residuos sólidos que polo seu volume, configuración ou características especiais non poidan ser recollidos polos servizos normais do concello, os

produtores ou posuidores fican obrigados a facilitarlle ao concello a información que sobre eles se demande. O concello poderá esixir o tratamento previo ou a redución daqueles así como que o usuario realice polos seus propios medios a retirada ata o lugar axeitado.

## CAPÍTULO VIº

### *Dereitos e deberes dos usuarios*

#### **Artigo 13.-**

Os usuarios do servizo teñen dereito:

- a) A que o concesionario lles retire os residuos sólidos urbanos nos días e horas convidos, cos medios técnicos acaídos; agás no caso de forza maior.
- b) A que o servizo se axuste en todo caso ao principio de igualdade ante a lei e a que sexa congruente cos principios e fins que o xustifiquen.
- c) A que as taxas ou prezos públicos para aboar se fixen na correspondente ordenanza fiscal ou de prezos públicos.
- d) Aos demais dereitos que se deriven da aplicación do presente regulamento ou que veñan fixados polas disposicións legais que sexan de aplicación.

#### **Artigo 14.-**

Os usuarios do servizo están obrigados:

- a) A colocar os residuos sólidos en bolsas acaídas e nas horas e nos lugares predeterminados introducindoas inescusabelmente nos colectores previstos para o efecto.
- b) A non utilizar vertidos de materias que non teñan a consideración de residuos sólidos urbanos, referidos ás actividades e situacións previstas no artigo 6º do vixente regulamento.
- c) A satisfacer as taxas ou prezos públicos na contía e na forma previstas na ordenanza correspondente. O usuario poderá domiciliar o pagamento na entidade bancaria que considere conveniente. No caso contrario, obrígase a facer efectivo o seu importe nos lugares que se sinalen no recibo. Os recibos emitiraos a recadación municipal.
- d) A cumprir calquera outra obriga que se derive deste regulamento e mais das disposicións legais de aplicación.
- e) A conservar os bens afectos ao servizo, nomeadamente os colectores e as papeleiras, respectando a súa localización.

## CAPÍTULO VIIº

### *Infraccións e sancións*

#### **Artigo 15.-**

Os usuarios do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos serán responsábeis das infraccións a este regulamento e a normativa de aplicación, que cometan eles, os seus familiares ou asalariados.

#### **Artigo 16.-**

Consideraranse faltas:

- a) A non utilización de bolsas ou recipientes axeitados.
- b) Depositar os residuos nun horario distinto ao fixado.
- c) Depositar os residuos nun lugar non autorizado.

- d) Incluír nas bolsas ou recipientes materias que non teñan a consideración de residuos sólidos consonte co previsto no presente regulamento.
- e) O maltrato do material afecto ao servizo.

#### **Artigo 17.-**

As faltas cometidas polos usuarios do servizo serán sancionadas, logo do expediente instruído para o efecto en que se lle dará audiencia ao interesado no caso da sanción prevista no punto b), pola Alcaldía e do seguinte xeito:

- a) Mediante o apercibimento escrito.
- b) Coa imposición dunha multa de ata 5.000 pesetas (30 €).

### CAPÍTULO VIIIº

#### ***Recursos e reclamacións***

#### **Artigo 18.-**

Contra calquera orde ou situación de feito que non teña a cualificación de acto administrativo poderase reclamar perante o alcalde.

#### **Artigo 19.-**

Contra as multas ou resolucións de calquera órgano do concello, sobre a constitución, a organización, a modificación ou a supresión do servizo, poderase recorrer perante a xurisdición contencioso-administrativa.

### CAPÍTULO IXº

#### ***Altas e baixas no servizo***

#### **Artigo 20.-**

Toda alta no servizo será obxecto de solicitude do usuario, e nela fará constar todos os datos fiscais necesarios para a expedición do recibo e todos os datos físicos de identificación da localización do inmóbel.

Do mesmo xeito, incluírase no correspondente padrón a todos os que demanden o servizo de subministro domiciliario de auga potábel.

O usuario ficará incluído no padrón dende a data da alta co que quedará obrigado ao aboamento das taxas ou prezos públicos correspondentes dende esa data.

#### **Artigo 21.-**

As baixas solicitaráas o usuario ou a persoa interesada e farase a súa tramitación logo da comprobación do pagamento dos recibos anteriores. Dado o carácter obrigatorio do servizo non se aceptarán baixas temporais.

Tampouco se lles aceptarán baixas no padrón correspondente a quen permaneceren dados de alta no servizo de subministro domiciliario de auga potábel.

### CAPÍTULO Xº

### ***Lexislación de aplicación***

#### **Artigo 22.-**

Serán de aplicación ao servizo, ademais das disposicións recollidas no presente regulamento, o resto das disposicións de réxime local e, especialmente, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento, que consta de vinte e dous artigos, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e unha vez que transcorra o prazo a que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/85 do dous de abril.